

CONCERTO EN FAMILIA

Este domingo 15 de outubro, ás 17.00, a Banda de Música Sons e Soños ofrecerá un «concerto en familia» aberto a familiares, amigos e fieis seguidores da banda, no que realizarán a preestrea da obra Lvcvs de Manuel M^a Veiga, ademais de interpretar as obras O Nubeiro, de Esteban Zapata Blanco, e Prost!, de Antón Alcalde.

Se es dos que non perde a oportunidade de escoitar a nosa banda en directo, esta é a ocasión para axudar a que continúe medrando e abrindo novos horizontes.



Prost! (Antón Alcalde) ofrece unha mestizaxe de estilos musicais diversos, como as marchas ou o jazz, que converxen sobre a base musical e rítmica dun dos grandes piares da música bandística, o pasodobre.

O Nubeiro (Esteban Zapata Blanco) crea o ambiente mitolóxico necesario para evocar ao personaxe galego do mesmo nome. En palabras do autor, descríbese en forma de música ao «ser provocador da néboa, lóstregos, raios, chuvia [e] as grandes treboadas. Un ser ermitán, illado da súa sociedade. Un carácter escuro cunha interrelación peculiar co seu entorno».

Lvcvs: Antiquíssima Civitas Gallaeciae (Manuel M^a Veiga) é a proxección musical da nosa coñecida historia e o impacto que tivo a chegada do Imperio Romano na zona en que se fundou a cidade de Lugo, que creceu ata converterse na capital da provincia de Gallaecia. Con este pretexto, créanse diversas escenas descritivas que nos levan a imaxinar a paz en que vivían os castrexos, os momentos de conflito, unha escena de amor entre os dous bandos, a edificación da muralla, a construción das estradas e que, por último, convidan a celebrar todo o legado que deixou esta etapa histórica.

DOMINGO 15 DE OUTUBRO ÁS 17.00!!